

PARTICIPACIÓN AGRUPADA EN SALIMAT ABANCA

8-11 DE XUÑO 2023



Participación agrupada de empresas socias de Clusaga no Salón de Alimentación do Atlántico

O Clúster Alimentario de Galicia (Clusaga), que en 2023 volve colaborar no **Salón de Alimentación do Atlántico (Salimat Abanca)** dirixindo a **organización dos Encontros de Compradores Internacionais**, está a promover a **participación das entidades socias** neste encontro.

Así, a **26ª edición** da coñecida como **Feira Internacional Abanca Semana Verde de Galicia**, que terá lugar do **8 ao 11 de xuño de 2023** no recinto feiral de **Silleda**, ofrece ás empresas socias de Clusaga un **desconto especial**. Do mesmo modo, o Clúster está a coordinar a posibilidade de **participar de maneira conxunta nun espazo expositivo**.

A participación no espazo expositivo de Clusaga, ubicado no Pavillón 1, inclúe **stands de 8X5 m2 para un total de 10 empresas socias**, así como ter **axenda con importadores os días 8 e 9** de xuño. Trátase dunha oportunidade magnífica para **explorar novas vías de negocio**, tanto con importadores en España coma noutros países de Europa e terceiros países.

Participar con Clusaga facilita acudir ás reunións das axendas dos días 8 e 9 de xuño e ter **presenza como expositores**. Do mesmo modo, a atención do stand de cada empresa para os **días 10 e 11, que están enfocados ao público xeral** e poden ser de menor interese para algunhas marcas de alimentación e bebidas, pode ser **delgada en persoal contratado** para tal fin.

PARTICIPACIÓN E INSCRICIÓN

Para participar en Salimat Abanca 2023 optando ao **desconto especial para empresas socias de Clusaga**, tanto se tes feita unha pre-reserva coa organización, coma se valoras participar no espazo colectivo de Clusaga ou queres ter presenza nun stand individual, é **necesario cubrir o formulario de manifestación de interese** que aparece a continuación.

Lembra que para participar nas **axendas ou actividades de Salimat**, é preciso que a empresa estea presente na Feira como expositora. Podes consultar **máis detalles na web de [Salimat Abanca](http://SalimatAbanca.com)**.

De precisar **máis información ou aclarar algunha dúbida**, podes contactar coa **Área de Mercados e Internacionalización de Clusaga** no teléfono 881 043 687 ou no correo insights@clusaga.org.

Manifestación de Interese



Máis información

- Custo de participación agrupada Clusaga (máximo 10 empresas): 525€+IVE por empresa
- Custo de participación individual: a negociar coa organización de Salimat Abanca
- Desconto especial a empresas de Clusaga: 30% (xa aplicado na participación agrupada)
- Máis información: 881 043 687 / insights@clusaga.org